

IES PORTA DA AUGA – RIBADEO

Curso 2006-07

DEPARTAMENTO: XEOGRAFIA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN DE: ARTE

**BACHARELATO
DE:
HUMANIDADES**

**CURSO:
2º**

Obxectivos xerais:

Dominio dun vocabulario específico da materia.

Contextualización histórica de cada un dos movementos artísticos.

Capacidade de expresión á hora de expoñer un tema, cun manexo da linguaxe adaptada aos conceptos artísticos aprendidos.

Capacidade crítica á hora de falar sobre as manifestacións artísticas.

Desenvolvemento crítico e de relación entre a tradición e a modernidade.

Comprensión da arte contemporánea.

Respeto cara o patrimonio artístico existente no país.

Dominio das diferentes linguaxes artísticas.

Comprensión da arte como manifestación dunha linguaxe que admite diferentes campos de expresión: escultura, pintura, arquitectura, instalacións...

Visualización da evolución artística desde a prehistoria ata os nosos días, comprendendo dita evolución e enmarcándoa no contexto histórico e cultural de cada época.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Contidos: Introducción á linguaxe artística A arte clásica. Primeira arte cristiana e musulmana.	Procedementos: Diapositivas.Transparencias e manexo de mapas históricos. Estudio comparativo da evolución artística dentro de cada unha das etapas. Contextos históricos de cada unha das culturas que desenvolveron os seus respectivos estilos artísticos. Distinción dos elementos formais de cada unha das ordes arquitectónicas.	Actitudes: Capacidade de abstracción. Recoñecemento da riqueza e herencia dentro do noso patrimonio artístico. Coñecemento do vocabulario básico dos estilos artísticos vistos. Dominio e corrección da linguaxe e a súa exposición.
---	---	--

SEGUNDA AVALAICIÓN

Contidos: Románico e gótico O Renacemento. O Barroco.	Procedementos: Visitas a Compostela para observar o legado románico. Diapositivas. Transparencias. Contextos históricos de cada unha das culturas que desenvolveron os seus respectivos estilos artísticos. Distinción dos elementos formais de cada unha das ordes arquitectónicas. Ruptura das manifestacións artísticas que nacen coa época moderna.Observación dos novos elementos. O papel da Relixión como cliente e como propagandista.	Actitudes: Interés na comprensión do feito da cultura occidental. Respeto cara os distintos enfoques na visión da arte. Valoración do noso patrimonio. Corrección expositiva correcta tanto na ortografía como na coherencia na construción de frases.
--	---	--

TERCEIRA AVALIACIÓN

Contidos: Arte contemporánea dos SS. XIX-XX	Procedementos: Visitas a exposicións de artistas contemporáneos. Utilización de textos da época. Visionado de diapositivas. Visita ao CGAC en Compostela, para observar as novas linguaxes.	Actitudes: Comprensión das diferentes linguaxes na arte actual. Esforzo pola comprensión dos novos camiños de búsqueda. Interese demostrado pola asimilación dos novos conceptos artísticos e actitudes correctas na clase.
--	---	--

AVALIACIÓN (CRITERIOS, PROCEDIMENTOS, SISTEMA DE CALIFICACIÓN)

A avaliación está estruturada en bloques temáticos da materia e baséase en dous aspectos: probas escritas e traballo e actitude ao longo do curso.

Valórase o traballo constante na clase. A superación das probas ou exercicios prácticos e os exames propios da avaliación. Na calificación valórase a presentación, redacción, ortografía e a utilización correcta do vocabulario propio da asignatura demostrando soltura na exposición dos temas ou preguntas a desenvolver.

A incorrección en calquera dos apartados anteriores dun xeito excesivo e reiterativo suporá unha baixada de nota, que pode chegar ata os 2 puntos nos casos máis graves. Dita baixada quedará reflectida nas notas de avaliación.

As datas dos exames serán fixadas polo profesor tendo en conta as non coincidencias con probas de outras materias e consultando previamente cos alumnos. Unha vez fixada a data será inamovible salvo causas de índole maior que o xustifiquen. Así mesmo a non presentación nas datas sinaladas implica o suspenso automático e só agás causas moi xustificadas e sempre que estean documentadas se estudiará a realización dun exame extraordinario.

Cualificacións: Para a obtención do aprobado, será necesario acadar en cada unha das probas feitas por cada avaliación un mínimo de puntuación de 5, sendo a nota final a resultante de media obtida no conxunto de todas as probas.

Cada avaliación terá un único exame de recuperación, sendo necesario ter como media un 5 para obter o aprobado.

As cualificacións serán numéricas admitíndose as décimas que poderán ser redondeadas á alza en 0,25 décimas cando estean próximas ao 5.

Na cualificación global do trimestre teranse en conta os seguintes criterios:

-A cualificación numérica obtida nas probas escritas

-A asistencia regular ás clases, o bon comportamento na aula, o interese e o esforzo xunto coa participación nas clases.

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA ACADAR AVALIACIÓN POSITIVA

Superar cun suficiente (5), as diversas probas tanto teóricas como prácticas.

Ter unha asistencia continuada ás clases e realizar as tarefas que se poñan para casa.

Resolución correcta dos supostos prácticos onde se saiban integrar aqueles conceptos teóricos dados na clase.

Exposición e aplicación de todos os conceptos artísticos dados nas clases prácticas de cada estilo e época, sabendo distinguir o que corresponde a cada momento artístico.

Corrección ortográfica e coherencia expositiva nas probas escritas e nas tarefas a desenvolver na aula.

Asistencia continuada ás clases e interese e boa actitude cara a asignatura.

Domínio do vocabulario específico da asignatura dado en cada un dos bloques temáticos.

Realización dos cuestionarios do libro de texto dentro de cada tema e que se correxirán na clase.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1º CURSO

SISTEMA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIO PARA ALUMNADO CON FALTAS DE ASISTENCIA A CLASE

Os que perderan o dereito a ser cualificados presentaranse a un exame único e de toda a asignatura a finais de curso. Os que parcialmente perderan o dereito a exame nunha avaliación examínanse ao final do trimestre nun exame único de toda a avaliación pendente.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Exame de toda a asignatura para as persoas que non superaran todas as avaliacións cunha nota media de SF. na convocatoria de Xuño.